



A Asociación de Empresarios de Santa Comba nace en 1996, a raíz dunha inquietude do sector por defender os intereses comúns e dotarse dunha infraestrutura que lle permita realizar proxectos que individualmente sería imposible conquistar, pero sofre un parón axeno ás inquedanzas dos empresarios; é no 2001 cando surxe para renacer de novo con moita máis forza a máns de D. Eugenio Pichel López , seguíndolle a estela con D. Antonio Landeira Gallardo e actualmente en mans de Oliver Silvariño Pose.

Na actualidade está formada por 165 empresas que dan traballo a unhas dúas mil cincocentas persoas do concello de Santa Comba e lindantes.

Ao longo destes anos leva realizando innumerables actuacións de formación e colaboración coa administración na información dos empresarios sobre os distintos aspectos que lle interesan ao sector e na promoción da mesma.

A Asociación de Empresarios de Santa Comba está asociada á Confederación de Empresarios de A Coruña -CEC- así como a Federación de Empresarios da Costa da Morte -FECOM- coas que colabora nas súas distintas actividades formativas e informativas.

Na actualidade conta cunhas oficinas en alugueiro en Santa Comba na rúa Pontevedra entrechán número 9 en horario de 09:30 a 13:30 horas.